

DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A MATRÍCULA

O sobre de matrícula, que deberán entregar nas oficinas de secretaría dentro do prazo establecido, conterá a documentación necesaria para formalizar a matrícula. Algunha é obrigatoria para todo o alumnado e outra, estará ligada ás distintas solicitudes que poden formular (socio/a Anpa, aluguer taquillas, transporte escolar, validación, etc...)

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA PARA TODO O ALUMNADO

✓ FICHA DE DATOS

A ficha de datos deberá vir debidamente cuberta e asinada.

Son moi importante os datos de contacto coa familia (teléfono e correo electrónico)

Os responsables do alumnado deberán proporcionar ao centro a información relevante sobre a situación legal do alumno/alumna (en concreto no relativo a réximes de custodia, patria potestade, ordes de afastamento, réximes de acollida, etc.) e sobre cuestións médico/sanitarias susceptibles de acollerse ao Programa de Alerta escolar ou aquelas outras que considere significativas para o desenvolvemento das actividades educativas e orientadora.

✓ IMPRESO PREMATRÍCULA

No momento de entrega da documentación, nas oficinas de secretaría incluírán o documento de “prematrícula” asinado no seu día. No caso de que non conste o citado documento, ou que o existente deba ser emendado en calquera deficiencia, deberá completar o que se lle facilite.

✓ **SEGURO ESCOLAR OBRIGATORIO.** Achegar resgardo de ingreso na conta que se detalla
O seguro escolar é obrigatorio para todo o alumnado (**agás o alumnado de 1º e 2º ESO** e os maiores de 28 anos). O pago xestionase a través dunha conta aberta na entidade bancaria ABANCA.

Importe: 1,12 €

IBAN: ES98 2080 5409 1330 4010 4920

No concepto de pago faranse constar os apelidos e nome do alumno/alumna e o curso.

ALUMNADO DE NOVO INGRESO. DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA

✓ Fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte

✓ Certificación académica xustificativa das condicións de acceso aos estudos nos que se matricula.

DOCUMENTACIÓN VOLUNTARIA

ANPA (Asociación de nais e pais do alumnado)

Achegarán a ficha de inscrición e o resgardo de ter aboado na conta da ANPA a cota anual.

Aluguer de TAQUILLAS

Achegarán a folla de reserva e o resgardo de ter aboado na conta da ANPA a contía correspondente.

TRANSPORTE ESCOLAR

Achegarán a ficha na que identificarán ao alumno/alumna e marcarán a parada,

* Ten dereito preferente a alumnado da ESO e o de Formación profesional básica. O resto de alumnado poderá solicitar o uso do servizo unha vez iniciadas as actividades lectivas. Farase mediante solicitude formulada por persoa responsable do alumno/alumna e resolverase atendendo ás disponibilidades de prazas vacantes.

VALIDACIÓNS, EXENCIÓNS, DISPENSAS

As solicitudes de exención de lingua galega, para alumnado procedente de fóra do sistema educativo de Galicia, de exención de materias ESO/Bacharelato con materias cursadas en estudos profesionais de música ou danza e as dispensas da parte práctica da materia de Educación Física, poderanse facer no momento de matrícula, se dispón da documentación acreditativa pertinente. Senón, farán a solicitude nos primeiros días de actividade lectiva.